

## INFORME SOBRE A TERCEIRA AVALIACIÓN (1º BAC A)

En resposta á solicitude da dirección e en calidade de titor do grupo de **1º de Bacharelato A**, INFORMO das decisións tomadas polo profesorado con respecto da terceira avaliación:

### **Cultura científica.** Rodrigo Montes

- A **avaliación do segundo trimestre** levouse a cabo por medio de cuestionarios xa realizados na aula virtual. O alumnado está informado das súas cualificacións.
- Na **terceira avaliación** propóranse actividades (cuestionarios a partir de filmes, comentarios de artigos de prensa) a través da aula virtual.
- A comunicación co alumnado lévase a cabo a través do foro da aula virtual e do correo electrónico.

### **Cultura científica.** Carmen Leira Ambrós

- A **terceira avaliación** comezará co tema dedicado á Xenética.
- Propóranse actividades e lecturas a través do curso correspondente na aula virtual.

### **Literatura Universal.** Marcos García

- A materia teórica impartida antes da suspensión das aulas considérase avaliada.
- Para a **terceira avaliación** teranse en conta as actividades propostas sobre a lectura obrigatoria da segunda e que están e seguirán estando dispoñibles despois da Semana Santa a través da aula virtual.
- A avaliación realizarase a través de actividades propostas e entregadas telematicamente e, se for posible, de probas presenciais.

### **Antropoloxía.** Carmen Cuesta

- Están avaliados os contidos correspondentes á **segunda avaliación**.
- A profesora distribuíu a través de Abalar instrucións para a **terceira avaliación**.

### **Bioloxía e Xeoloxía.** Carmen Leira Ambrós

- A **segunda avaliación** levouse a cabo por medio de controis realizados antes da suspensión da docencia presencial.
- Os contidos correspondentes a Histoloxía retomaranse e avaliaranse na **terceira avaliación**.
- Para a **terceira avaliación** a profesora proporá materiais e actividades a través da aula virtual.
- As canles de contacto co alumnado serán a aula virtual e o correo electrónico.

### **Debuxo técnico I.** José Luis González Alonso

**Os criterios para Debuxo Técnico** de primeiro de BAC na 3a avaliación serán:

Seguir co mesmo ritmo de traballo que se seguía na aula cos exercicios propostos para o terceiro trimestre. Os exercicios agora terán que ser complementados polo alumno con anotacións dos **pasos** para conseguilos dunha maneira simple e práctica.

- Os exercicios puntúan o **80 %**.
- Os comentarios e a entrega puntual, limpeza, etc., o outro **20%**

### **Educación Física.** Manuel Pardo

- Danse por avaliadas as partes prácticas da **segunda avaliación** (volei e hóckey sobre patíns).
- A **terceira avaliación** consistirá en:
  - Exame teórico do regulamento de fútbol sala (online ou presencial).
  - Exame práctico de fútbol sala, sempre que sexa posible.

- Valoración do traballo diario de condición física nas clases dedicadas a esta actividade (se é posible).

#### **Física e Química.** Manuel J. Rodríguez

-O tema que se estaba impartindo antes da suspensión das aulas (Reaccións químicas) será parte da **terceira avaliación**.

-O profesor comunicará puntualmente os temas que impartirá na terceira avaliación.

#### **Grego I.** Magdalena Zambrano

-Os contidos de lingua pendentes de avaliar quedarán para a **terceira avaliación**.

-A **terceira avaliación** estará centrada nos contidos de lingua, necesarios para o curso seguinte, e suprimiranse os contidos de cultura.

#### **Latín I.** Magdalena Zambrano

-Os contidos de lingua pendentes de avaliar quedarán para a **terceira avaliación**.

-A **terceira avaliación** estará centrada nos contidos de lingua, necesarios para o curso seguinte, e suprimiranse os contidos de cultura.

#### **Lingua castelá e literatura I.** Marcos García

-Terase en conta para a terceira avaliación o **traballo sobre a lectura obrigatoria da segunda avaliación**, con data de entrega posterior á suspensión da docencia presencial, aínda que xa remitido por parte do alumnado.

-Avaliaranse tamén no **terceiro trimestre** os contidos relativos á oración composta, xa impartidos, mais non avaliados, no segundo.

-A avaliación realizarase a través de actividades propostas e entregadas telematicamente e, se for posible, de probas presenciais.

#### **Lingua estranxeira I: Inglés.** Dora Villamor

-Para a **segunda avaliación** tívose en conta o traballo marcado e cualificado pola profesora Lara Edreira.

-A materia que se empezou a traballar tras a suspensión da docencia presencial será avaliable na **terceira avaliación**.

#### **Lingua galega e literatura I.** Henrique Dacosta

-Dáse por avaliada toda a materia impartida nas clases presenciais da **segunda avaliación** (incluídos xéneros menores, cantigas de Santa María e prosa medieval).

-As cualificacións correspondentes a dita avaliación están tiradas de anotacións con respecto ao traballo na aula e un exame escrito.

#### **Linguaxe e práctica musical.** M. Encina Fra

-Na **segunda avaliación** impartíuse a materia programada e está xa avaliada. Está por determinar unha alternativa a unha proba de recuperación prevista que non se puido levar a cabo debido á suspensión das aulas.

-Para a **terceira avaliación** enviaranse traballos a través da web, especialmente relativos a contidos teóricos. Cada novo contido terá a súa explicación e unha ficha con actividades. O **envío** destas actividades é **absolutamente obrigatorio**, xa que teñen carácter avaliable e serán os instrumentos cos que se levará a cabo a avaliación do terceiro trimestre.

**Matemáticas I.** J. J. Rodríguez

- Danse por avaliados os contidos de Trigonometría impartidos na **segunda avaliación**.
- Na **terceira avaliación** retomarase a unidade de Xeometría Analítica.
- Queda por determinar o procedemento de avaliación dos contidos impartidos a distancia.

**Tecnoloxía Industrial I.** María José López

- Os contidos impartidos con anterioridade á Semana Santa quedan avaliados.
- Na **terceira avaliación** teranse só en conta os contidos impartidos á volta da Semana Santa.

**Tecnoloxías da información e a comunicación.** María José López

- Os contidos impartidos con anterioridade á Semana Santa quedan avaliados.
- Na **terceira avaliación** teranse só en conta os contidos impartidos á volta da Semana Santa.

**Segunda lingua estranxeira: Francés.** Xosé Luís Rivas

- A **segunda avaliación** farase a partir de traballos xa realizados.
- Os contidos da **terceira avaliación** serán os das actividades que se vaian colgando no bloque do departamento de Francés na web do Centro.
- Só se terán en conta os contidos traballados por vía telemática. Quedan excluídas as partes da nota correspondentes á actitude e á expresión oral.

En Ferrol, a 1 de abril de 2020

Marcos García Salido